

PROVIDENCIA DE INICIO

Serie documental: S0321 – Expediente de contratación de persoal

N. Expediente: 204/2026

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Asunto: Selección de persoal auxiliar administrativo de SS. SS. 2026

Visto o informe proposta de contratación de persoal auxiliar administrativo presentado polo departamento de Servizos Sociais municipal.

Visto que concorren os requisitos de excepcionalidade da contratación dadas as circunstancias ocasionais e imprevisibles que xurdiron no departamento de Servizos Sociais e a existencia de necesidades urxentes e inaprazables, ao entenderse que co posto de traballo que se cobre van a satisfacerse necesidades de interese público que non admiten demora e que se non se atenderan prexudicarían ao servizo público.

Á vista do anterior,

DISPOÑO:

PRIMEIRO.- Incóese expediente para a elaboración das bases que rexerán o procedemento de selección de persoal laboral temporal por concurso-oposición (auxiliar administrativo).

SEGUNDO.- O contrato a formalizar levarase a cabo a nas seguintes condicións:

Modelo contrato:	502 (por circunstancias da produción)
Xornada:	50%
Duración:	6 meses

TERCEIRO.- Incorpórense ao expediente as bases de selección que garantan os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade e demais documentación complementaria prevista na Lei.

En Meis, a data da sinatura dixital.

A Alcaldesa

Marta Giráldez Barral

ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE

